



## **ENTRADAS E SAÍDAS ALUMNADO FP BÁSICA**

Ver planos nº 1 a 8, onde se dan detalles sobre formacións, rutas de circulación e portas de acceso.

O alumnado deberá entrar e saír UNICAMENTE polas portas asignadas a cada grupo USANDO EN TODO MOMENTO A MÁSCARA DE PROTECCIÓN.

Todas as circulacións no IES faranse en ringleira de a UN, gardando as distancias de seguridade e acompañados polo profesorado que teña asignado o grupo a esas horas.

### **ENTRADAS XERAIS (MAÑÁ E TARDE)**

#### ***FP BÁSICA:***

Os alumnos de FP Básica entrarán pola Porta 2 (porta pequena do Patio).

No momento da apertura das portas do patio - Rúa Vicente Risco (8:15 h e 15:45 h) e antes da entrada nas aulas accederán pola rampla para situarse na zona cuberta do edificio B, na ringleira correspondente ao seu grupo (estará identificado), colocándose de un en un e gardando a distancia de seguridade de 1,5 m, segundo o reflectido en planos adxuntos, e agardarán ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso profesor/a de garda, para entrar ao edificio.

A entrada efectuarase ás 8:20 (15:50 h no horario de tarde)

Non se abandonará a formación ata que o curso precedente teña finalizada a saída do patio e esta rematará unha vez chegados á aula e sentados na cadeira asignada ao alumno.

**O alumnado que chegue tarde dirixirse á entrada principal, esperará ao carón das formacións que aínda non teñan entrado e entrará pola porta principal cando llo indique o profesorado de garda.**

**Recórdase que 3 faltas de puntualidade supoñen un parte de incidencias.**

### **RECREO**

#### **SAÍDA RECRO**

O profesorado a quen corresponda a hora lectiva previa ao recreo terá ao alumnado, na súa aula de referencia, preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

O alumnado de FP Básica, independentemente da aula na que se atope, será o último en saír (11:00 h) e situarase na zona exterior cuberta (do Edificio B), que lle corresponde ao seu grupo, segundo o reflectido no plano nº 10.



## **ENTRADA RECREEO**

O alumnado de FP Básica agardará ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso profesor/a de garda, para entrar ao edificio ás 11:25h, de un en un e gardando á distancia de seguridade.

Non se abandonará a formación ata que o curso precedente teña finalizada a saída da zona cuberta e esta rematará unha vez chegados á aula e sentados na cadeira asignada ao alumno.

## **SAÍDAS XERAIS (MAÑÁ E TARDE)**

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

- **PLANTA BAIXA**

Os grupos da planta baixa sairán ás 13:55h no horario de mañá, pola porta máis próxima a súa aula.

- **PRIMEIRA PLANTA**

Todos os grupos da primeira planta sairán cando toque o primeiro timbre (13:57h no horario de mañá), empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo ás indicacións dos profesores de cada grupo.

- **SEGUNDA PLANTA**

Todos os grupos da segunda planta sairán cando toque o segundo timbre (14:00h no horario de mañá), empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo ás indicacións dos profesores de cada grupo.

No horario de tarde sairán ás 17:40h.

O alumnado de FP Básica dirixirase dirixirase ao patio, pola rampla, de un en un e gardando a distancia de seguridade, e sairá pola Porta 2 (porta pequena do patio).